

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ENA	Enerxía e auga	CMENA01	Redes e estacións de tratamento de augas	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1559	Implantación en redes de auga	2024/2025	5	107	107

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ALEJANDRO GARCÍA DACOSTA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Proxecto de FP dual coa empresa VIAQUA Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U., no que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo.

A presente programación realízase para o módulo de Implantación en Redes de Auga.

O Ciclo Medio Redes e Estacións de Tratamento de Augas impártese no C.I.F.P. Politécnico de Santiago de Compostela enmarcado dentro da Familia Profesional de Enerxía e Auga.

O alumnado que curse este módulo exercerá a súa actividade profesional nas empresas dedicadas a realizar a montaxe, operación e mantemento de redes de auga tanto de abastecemento como de saneamento.

Tamén en empresas do sector de tratamento e potabilización da auga e no sector da depuración de augas residuais. Este módulo permitirá o alumnado realizar o reformulo das instalacións de redes de auga.

Esta programación elabórase tendo en conta que se trata dun Ciclo Dual mediante convenio coa empresa VIAQUA Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U. segundo o cal das 107 h de duración total do módulo, 102 h impártese no centro educativo (FCE) e 5 h na empresa (FEM).

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de implantación de redes e estacións de tratamento nas obras de construción.

A concreción desta función abrangue aspectos como:

- Identificación da tipoloxía da obra.
- Comprensión da función de cada documento dun proxecto dunha obra de construción.
- Identificación da información relevante nos documentos do proxecto.
- Obtención da información necesaria dos documentos do proxecto.
- Realización dos planos e os esbozos de implantación da obra de construción.
- Utilización e manexo adecuado dos aparellos e os elementos auxiliares de topografía.
- Materialización no terreo das referencias necesarias para a execución das obras definidas no proxecto de construción.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse na implantación de redes e estacións de tratamento a partir do proxecto construtivo que define a obra de construción.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais do ciclo formativo:

- b) Identificar as características que debe cumprir o terreo relacionándoas coas operacións de montaxe ou mantemento que se van a levar a cabo para realizar operacións de preparación do mesmo.
- e) Determinar as condicións que debe cumprir a montaxe, relacionándoas coa viabilidade do mesmo para reformular a instalación de elementos de redes de auga.
- q) Analizar e utilizar os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e as tecnoloxías da información e a comunicación para aprender e actualizar os seus coñecementos, recoñecendo as posibilidades de mellora profesional e persoal, para adaptarse a diferentes situacións profesionais e laborais.
- r) Adoptar e valorar solucións creativas ante problemas e continxencias que se presentan no desenvolvemento dos procesos de traballo, para resolver de forma responsable as incidencias da súa actividade.
- s) Aplicar técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se van a transmitir, á súa finalidade e ás características dos receptores, para asegurar a eficacia do proceso.

Así como as competencias:

- b) Realizar operacións de preparación do terreo, asociadas á montaxe e mantemento de redes de auga e saneamento.
- e) Reformular a instalación de elementos de redes de auga, garantindo a viabilidade da montaxe e informando de posibles continxencias.
- q) Actuar con responsabilidade e autonomía no ámbito da súa competencia, organizando e desenvolvendo o traballo asignado, cooperando ou traballando en equipo con outros profesionais na contorna de traballo.
- r) Resolver de forma responsable as incidencias relativas á súa actividade, identificando as causas que as provocan, dentro do ámbito da súa competencia e autonomía.

s) Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e competencia das distintas persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

- Coñecemento dos documentos do proxecto de construción.
- Coñecemento e adecuado manexo dos programas informáticos de xestión de proxectos de construción.
- Coñecemento e adecuado manexo dos aparellos e elementos topográficos.
- Achega dos datos necesarios para a preparación de terreo, a situación e a adecuación de lugares de faena.
- Materialización no terreo dos datos necesarios para a execución de obras de construción.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	5	4
2	Requerimentos para o reformulo	Identificaranse os requerimentos para a realización do reformulo estudando os proxectos de construción	25	23
3	Reformulo con documentación gráfica proxecto	Estudiarase a documentación gráfica para a súa aplicación no reformulo	25	23
4	Planos	Realizarase planos e croquis de reformulo	26	25
5	Aplicacións técnicas	Estudiaranse os instrumentos e aparatos topográficos así coma a obtención de datos para o reformulo	26	25

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	5

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica na documentación técnica asociada a proxectos de obra civil e urbanización os requisitos asociados para a implantación, para o cal selecciona a información requirida en cada caso	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionouse o contido de memorias e pregos de condicións coa súa función nun proxecto de urbanización ou nun proxecto de substitución de redes
CA1.2 Relacionáronse os procesos construtivos e as súas características coas fases da súa execución e da súa implantación
CA1.3 Identificáronse as necesidades e os requisitos dos principais procesos construtivos
CA1.4 Identificáronse os elementos construtivos representados nos planos dun proxecto
CA1.5 Identificáronse as relacións de complementariedade entre os documentos gráficos e escritos dun proxecto de urbanización ou substitución de redes
CA1.6 Identificáronse, nos documentos que constitúen o orzamento de execución dunha obra, os elementos necesarios para a implantación
CA1.7 Identificáronse, nos documentos que constitúen o prego de prescricións técnicas, os elementos necesarios para a implantación
CA1.8 Seleccionouse a información relevante para a implantación e a execución contida na documentación gráfica do proxecto
CA1.9 Valorouse a importancia dos documentos do proxecto para a execución da implantación en obras

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Proxectos de construción.</p> <p>Fases dos procesos construtivos.</p> <p>Implantación.</p> <p>Elementos construtivos. Representación.</p> <p>Documentos gráficos e escritos. Planos. Orzamentos. Prego de prescricións técnicas.</p> <p>Valoración da importancia dos documentos do proxecto.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Requerimentos para o reformulo	25

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica na documentación técnica asociada a proxectos de obra civil e urbanización os requisitos asociados para a implantación, para o cal selecciona a información requirida en cada caso	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionouse o contido de memorias e pregos de condicións coa súa función nun proxecto de urbanización ou nun proxecto de substitución de redes
CA1.2 Relacionáronse os procesos construtivos e as súas características coas fases da súa execución e da súa implantación
CA1.3 Identifícaronse as necesidades e os requisitos dos principais procesos construtivos
CA1.4 Identifícaronse os elementos construtivos representados nos planos dun proxecto
CA1.5 Identifícaronse as relacións de complementariedade entre os documentos gráficos e escritos dun proxecto de urbanización ou substitución de redes
CA1.6 Identifícaronse, nos documentos que constitúen o orzamento de execución dunha obra, os elementos necesarios para a implantación
CA1.7 Identifícaronse, nos documentos que constitúen o prego de prescricións técnicas, os elementos necesarios para a implantación
CA1.8 Selecionouse a información relevante para a implantación e a execución contida na documentación gráfica do proxecto
CA1.9 Valorouse a importancia dos documentos do proxecto para a execución da implantación en obras
OCA1.10 Actuose no traballo de xeito responsable, de forma ordenada e metódica, e cumpríronse os obxectivos.

4.2.e) Contidos

Contidos
Proxectos de construción. Fases dos procesos construtivos. Implantación. Elementos construtivos. Representación. Documentos gráficos e escritos. Planos. Orzamentos. Prego de prescricións técnicas. Valoración da importancia dos documentos do proxecto.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Reformulo con documentación gráfica proxecto	25

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Obtén e xestiona, para a implantación, a información relevante da documentación gráfica de proxectos, en soporte tanto impreso como informático	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Recoñecéronse os sistemas de representación e os tipos de proxección utilizados
CA2.2 Identificáronse as relacións entre as vistas dos elementos construtivos representados nos planos dun proxecto
CA2.3 Interpretouse a información dos documentos realizados en distintos sistemas de representación
CA2.4 Identificáronse os materiais, os elementos construtivos e as unidades das obras de distribución e abastecemento de auga, representados nos planos

Criterios de avaliación
CA2.5 Identifícaronse as utilidades de edición e consulta do programa de deseño asistido por computador
CA2.6 Recoñecéronse as escalas e os formatos apropiados
CA2.7 Identifícaronse as cotas reflectidas nos planos de construción
CA2.8 Realizáronse medicións lineais e de superficies nos planos de planta con ferramentas informáticas
CA2.9 Realizáronse os cálculos básicos de superficies e volumes que permiten o dimensionamento correcto
CA2.10 Obtivéronse planos en papel e en formato dixital, á escala solicitada
CA2.11 Actuose no traballo de xeito responsable, de forma ordenada e metódica, e cumpríronse os obxectivos.

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Sistemas de representación. Simbología utilizada.</p> <p>Simbología na representación gráfica de elementos construtivos e materiais.</p> <p>Fundamentos de programas informáticos de debuxo.</p> <p>Utilidades de programas de deseño asistido por computador.</p> <p>Cálculos lineais e superficiais asociados a medidas tomadas de planos.</p> <p>Manipulación de planos.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Planos	26

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza planos sinxelos e esbozos de implantación, e define as súas fases e os recursos necesarios	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Seleccionáronse os utensilios e os instrumentos de implantación necesarios
CA3.2 Seleccionouse, dos documentos do proxecto, a información necesaria para a realización dos traballos
CA3.3 Listáronse as unidades de obra dos traballos que cómpre realizar
CA3.4 Seleccionáronse a unidade e o criterio de medición de cada unidade de obra
CA3.5 Cuantificáronse as unidades de obra que cómpre executar
CA3.6 Identificáronse os criterios e as condicións de execución
CA3.7 Identificáronse os criterios de actuación, as medidas preventivas, os equipamentos de protección e as instalacións que cómpre utilizar en cada proceso
CA3.8 Identificáronse as referencias e as cotas dos planos de proxecto
CA3.9 Realizáronse esbozos de implantación
CA3.10 Realizáronse planos para a implantación utilizando medios informáticos
CA3.11 Situáronse no esbozo os elementos singulares de cada unidade de obra
CA3.12 Actuose no traballo de xeito responsable, de forma ordenada e metódica, e cumpríronse os obxectivos.

4.4.e) Contidos

Contidos
Manexo informático de planos.
Utensilios e instrumentos de implantación.
Identificación de unidades de obra en planos.
Criterios de medición de unidades de obra.
Asignación de cantidades a unidades de obra.
Condições e criterios de execución.
Referencias e cotas.
Identificación de elementos significativos en planos.
Procedementos para a realización de esbozos.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Aplicacións técnicas	26

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Materializa elementos sinxelos para a realización da implantación marcando puntos, aliñamentos, cotas, alturas e rasantes, a partir da interpretación dos planos e dos esbozos pertinentes	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícanse nos esbozos e nos planos de implantación os puntos de implantación necesarios, segundo proposta

Criterios de avaliación
CA4.2 Preparáronse os instrumentos topográficos, os utensilios, os elementos de sinalización e os medios auxiliares necesarios
CA4.3 Estacionáronse, referenciáronse e manexáronse correctamente os instrumentos topográficos
CA4.4 Empregáronse adecuadamente utensilios, elementos de sinalización e medios auxiliares para a realización da implantación
CA4.5 Comprobouse que a zona de traballo estea libre de obstáculos e operativa
CA4.6 Asegurouse que as indicacións visuais obtidas sexan lexibles e estables, e que estean ben niveladas
CA4.7 Materializáronse no terreo os puntos de implantación necesarios segundo os esbozos e os planos de implantación
CA4.8 Comprobouse a posición exacta dos puntos principais de implantación e realizouse a súa referenciación
CA4.9 Obtivéronse os valores das cotas, as pendentes e os elementos principais de cada unidade de obra implantada
CA4.10 Comprobouse que os valores obtidos se correspondan co establecido nos planos ou coas instrucións recibidas
CA4.11 Comprobouse que os sinais de nivelación estean marcados claramente, que sexan estables e que o seu número sexa suficiente
CA4.12 Actuose no traballo de xeito responsable, de forma ordenada e metódica, e cumpríronse os obxectivos.

4.5.e) Contidos

Contidos
Instrumentos topográficos: fundamentos.
Situación no terreo de marcas de implantación.
Referenciación e técnicas de campo para o seu traslado.
Comprobación de valores obtidos.
Aparellos de topografía: teodolito, taquímetro, estación total e nivel. O GPS e novas tecnoloxías empregadas en topografía.
Métodos topográficos.

Contidos

Sistemas de información xeográfica (SIX).

Utensilios e medios auxiliares necesarios.

Aplicacións prácticas.

Identificación en planos de puntos de implantación.

Obtención de valores de parámetros de unidade de obra.

Curvas de nivel, traza, rasante e cota.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos Esixibles:

Unidade Didáctica 2 - Requirimentos para o reformulo:

CA1.2 - Relacionáronse os procesos construtivos e as súas características coas fases da súa execución e da súa implantación.

CA1.3 - Identificáronse as necesidades e os requisitos dos principais procesos construtivos.

CA1.4 - Identificáronse os elementos construtivos representados nos planos dun proxecto.

CA1.7 - Identificáronse, nos documentos que constitúen o prego de prescricións técnicas, os elementos necesarios para a implantación.

CA1.8 - Seleccionouse a información relevante para a implantación e a execución contida na documentación gráfica do proxecto .

CA1.9 - Valorouse a importancia dos documentos do proxecto para a execución da implantación en obras.

Unidade Didáctica 3 - Reformulo con documentación gráfica proxecto:

CA2.2 - Identificáronse as relacións entre as vistas dos elementos construtivos representados nos planos dun proxecto.

CA2.3 - Interpretouse a información dos documentos realizados en distintos sistemas de representación.

CA2.4 - Identificáronse os materiais, os elementos construtivos e as unidades das obras de distribución e abastecemento de auga, representados nos planos.

CA2.6 - Recoñecéronse as escalas e os formatos apropiados.

CA2.7 - Identificáronse as cotas reflectidas nos planos de construción.

CA2.9 - Realizáronse os cálculos básicos de superficies e volumes que permiten o dimensionamento correcto.

Unidade Didáctica 4 - Planos:

CA3.1 - Selecciónáronse os utensilios e os instrumentos de implantación necesarios.

CA3.2 - Seleccionouse, dos documentos do proxecto, a información necesaria para a realización dos traballos.

CA3.3 - Listáronse as unidades de obra dos traballos que cómpre realizar.

CA3.5 - Cuantificáronse as unidades de obra que cómpre executar.

CA3.6 - Identificáronse os criterios e as condicións de execución.

CA3.7 - Identificáronse os criterios de actuación, as medidas preventivas, os equipamentos de protección e as instalacións que cómpre utilizar en cada proceso.

CA3.8 - Identificáronse as referencias e as cotas dos planos de proxecto.

CA3.9 - Realizáronse esbozos de implantación.

CA3.11 - Situáronse no esbozo os elementos singulares de cada unidade de obra.

Unidade Didáctica 5 - Aplicacións técnicas:

CA4.1 - Identificáronse nos esbozos e nos planos de implantación os puntos de implantación necesarios, segundo proposta.

CA4.2 - Preparáronse os instrumentos topográficos, os utensilios, os elementos de sinalización e os medios auxiliares necesarios.

CA4.3 - Estacionáronse, referenciáronse e manexáronse correctamente os instrumentos topográficos.

CA4.5 - Comprobase que a zona de traballo estea libre de obstáculos e operativa.

CA4.7 - Materializáronse no terreo os puntos de implantación necesarios segundo os esbozos e os planos de implantación.

CA4.8 - Comprobase a posición exacta dos puntos principais de implantación e realizouse a súa referenciación.

CA4.10 - Comprobase que os valores obtidos se correspondan co establecido nos planos ou coas instrucións recibidas.

CA4.11 - Comprobase que os sinais de nivelación estean marcados claramente, que sexan estables e que o seu número sexa suficiente.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

O alumnado será avaliado ao remate de cada actividade, UD ou conxunto de UD por medio dos instrumentos indicados nos correspondentes CA, ben probas escritas (PE), táboas de observación (TO) que dispoñen de subcriterios de avaliación para valorar mediante unha escala de varios niveis os CA indicados, ou ben Lista de Cotexo (LC), para valorar os demais CA de forma binaria. Os contidos avaliados mediante proba escrita terán un peso dun 50% sobre a nota final e os contidos avaliados mediante traballos e/ou prácticas un 50% da nota. De non realizar algunha das probas indicadas o seu porcentaxe repartirase cas restantes que sí se realicen.

Realizarase unha ou varias probas prácticas por trimestre. Os criterios de avaliación específicos da/s proba/s serán entregados por escrito ao alumado no momento de realizar a proba. No caso de ser varias, farase unha ponderación segundo o peso porcentual asignado a cada unha delas.

Contarán todas as prácticas propostas polo docente. É preciso ter entregadas o 100%, e ter unha nota media de todos os exercicios prácticos de 4 para que faga media coa parte teórica.

Será necesario alcanzar, polo menos, unha avaliación positiva nun 50% da suma de todos os criterios de avaliación desa tarefa/exercicio/traballo para dalo por válido/aprobado.

Os traballos non entregados nos tempos estipulados e as tarefas non realizadas nos prazos establecidos en cada unidade didáctica cualificaranse coa metade da nota. Polo demais, será/n cualificada/s segundo os criterios de avaliación asociados na unidade didáctica correspondente.

O alumnado debe acudir ás clases co material correspondente para o seu correcto aproveitamento. Ás probas escritas o alumnado debe acudir con bolígrafo azul e calculadora (en ningún caso se aceptará o teléfono móbil como tal), e as prácticas en taller o alumnado presentárase cos equipos de protección individual correspondentes. De non acudir con estes equipos o docente poderalle impedir a entrada ó taller, ó supor un risco para o propio/a alumno/a, ir en contra da propia normativa de funcionamento do centro (NOF: Normas de Organización e Funcionamento) e dos principios de prevención de riscos. A non entrada suporá falta de asistencia a correspondente clase.

A cualificación das Avaliacións parciais trimestrais e a Avaliación final obterase a partir das cualificacións obtidas nas Unidades Didácticas (UD), tendo en conta os pesos asignados a cada UD. Aplicarase a media ponderada sempre que se alcanzara a cualificación mínima (5 sobre 10) na avaliación dos mínimos esixibles e a cualificación das UD sexa como mínimo un 4 sobre 10. O/a alumno/a deberá sacar un 5 sobre 10 como mínimo para superar o módulo. No caso de que o/a alumno/a non aprobe (cualificación inferior a 5 sobre 10), terá que facer actividades de recuperación das UD suspensas e unha proba de recuperación, sempre que non perda o dereito a avaliación continua.

A non presentación a unha proba escrita suporá unha avaliación negativa cunha cualificación de un 1. Os/as alumnos/as que non poidan acudir ao exame na data establecida non terán dereito á repetición do mesmo, salvo causa debidamente xustificada (requirimento xudicial ou ingreso hospitalario).

Copiar ou deixarse copiar nos exames, supón un suspenso automático nas Unidades Didácticas obxecto de avaliación.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Realizaranse actividades de recuperación para dar a posibilidade de recuperar partes suspensas do módulo, sempre que o alumnado non perda o dereito a avaliación continua. As actividades serán similares ás realizadas ó longo do curso.

Para o alumnado que non acade unha cualificación positiva e finalmente teña o módulo pendente logo de realizada a segunda avaliación parcial, o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva destes módulos farase efectiva na avaliación final (Artigo 29.3 da ORDE do 12 de xullo de 2011).

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O número de faltas que implica a perda de dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro (artigo 25.3 da Orde do 12 de xullo de 2011).

Ademais, segundo indican as NOF do centro, atendendo as circunstancias anteriormente mencionadas, e para acadar un criterio homoxéneo á hora de proceder, estableceuse para todos os módulos un máximo dun 10% para faltas sen xustificación, ampliando dita porcentaxe un máximo dun 5% con xustificación. Podendo chegar cos dous conceptos ata o 15% no curso académico.

Polo tanto:

- Cando o número de faltas non xustificadas supere o 10% das horas totais do módulo (e cun máximo dun 5% de faltas con xustificación), comunicaráselle por escrito ó alumnado que perdeu o dereito á avaliación continua (previamente cando a porcentaxe de faltas alcance o 6% a titora do grupo notificaralle o apercibimento correspondente o alumno ou alumna afectado/a para que sexa consciente da proximidade da posible perda).

- O alumnado que incorra na perda de dereito á avaliación continua, deberán realizar unha proba de avaliación extraordinaria dos mínimos esixibles do módulo.

O alumnado con PD poderá seguir asistindo ás clases e ás prácticas, sempre e cando o docente non estime que a súa asistencia implique riscos para él/ela ou para os seus compañeiros/as.

Na proba de avaliación extraordinaria do alumnado con perda de dereito a avaliación continua o alumno/a deberá demostrar unhas habilidades, destrezas e coñecementos nos que deben quedar evidenciados os resultados de aprendizaxe do módulo cos seus contidos mínimos.

Esta proba constará de dúas partes diferenciadas: unha conceptual e outra de tipo procedemental, na cal haberá uns mínimos que debe contestar correctamente. Cunha salvedade, se non é quen de aprobar a primeira parte cun 5 ou máis non se poderá presentar a segunda parte, e estará suspenso coa nota que saque na primeira parte. Se suspende a segunda parte ten o módulo suspenso.

A primeira parte será unha proba de conceptos por escrito (ou oral se as circunstancias o requiren) con preguntas cortas, de desenvolvemento, de completar, cuestións tipo test, de verdadeiro ou falso, etc. relativas aos contidos abordados ó longo do curso.

A segunda parte será unha proba procedemental que poderá ser unha mestura de:

- Realización de exercicios prácticos.
- Un ou varios supostos de carácter práctico a desenvolver nun tempo dado.
- Cuestións de traballos de investigación.
- Prácticas do módulo.

Nas diversas probas indícarase ao alumnado a puntuación de cada pregunta, así coma todas aquelas cuestións necesarias para a súa realización.

Será necesario acadar un 5 para poder superar o módulo. Ademais, o alumnado deberá entregar todos os traballos e actividades propostas ó longo do curso.

O uso do móbil non está permitido como calculadora, sendo ademais necesario presentarse as probas co material axeitado para a realización das mesmas, segunda marcan as NOF do Centro.

Os/as alumnos/as que non poidan acudir ao exame na data establecida non terán dereito a repetición do mesmo, salvo causa debidamente xustificada (requirimento xudicial ou ingreso hospitalario).
As probas de recuperación faranse con previo aviso, de polo menos 72 horas.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Realizarase o seguimento da programación a través da plataforma web da Consellería de Educación dando conta mensualmente nas reunións de equipo docente. Nestas reunións cotexarase a adecuación dos obxectivos ás características do alumnado, a selección e a secuencia de contidos, e a organización de actividades co planificado na correspondente programación para realizar os axustes que se consideren oportunos. Neste sentido, o plan de avaliación da programación é un elemento regulador do proceso educativo completo.

A través de cuestionarios realizados de maneira periódica ó alumnado (Enquisa de satisfacción do labor docente), recóllese información sobre a práctica docente co fin de obter conclusións e tomar as medidas que sexan oportunas de ser o caso.

Ao final de curso, valórase a consecución da programación, facéndose referencia á mesma na memoria de final de curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Segundo se recolle no "artigo 28 da ORDE do 12 de xullo de 2011", ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan. Esta información poderá proceder, entre outras:

- a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
- b) Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- d) Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- e) Da experiencia profesional previa.
- f) Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- g) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas, segundo se desenvolve no artigo 16 desta orde. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

Neste módulo o alumnado fará unha proba de coñecementos previos para ver o punto de partida e valorar así o seu progreso.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense as medida de reforzo educativo (artigo 8.2 do DECRETO 229/2011)

O recoñecemento das diversidades existentes (capacidade, motivación, ritmos de aprendizaxe...) constitúen o punto de partida para evitar que as diferenzas se convertan en desigualdades entre o alumnado. Este obxectivo só é alcanzable se a aula se converte nun referente básico e o profesorado no eixe principal da resposta educativa á diversidade e, singularmente, aos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.

Para acadar este obxectivo adoptaranse as seguintes medidas de reforzo:

-Traballarase de forma coordinada co equipo de orientación para ofrecerlle o apoio necesario.

-Deseñaranse actividades de reforzo e prestarase especial atención na aula aos alumnos que teñan dificultades para alcanzar os obxectivos. Estas actividades serán de carácter práctico e/ou teórico, facilitándolle nas sesións de ensino-aprendizaxe apoio e soporte. Estas medidas consistirán en novos traballos que poidan ser efectuados de forma autónoma polo alumnado, baixo a supervisión e colaboración do/a profesor/a, ou na repetición daqueles traballos de aula nos que non acadou o mínimo esixible.

-Na medida do posible, adaptaranse os medios para os alumnos con algunha discapacidade, de xeito que esta non sexa limitante.

-Proporanse actividades de ampliación para os máis adiantados.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os obxectivos do módulo propician o tratamento dos seguintes temas transversais, os cales serán desenvolvidos en maior ou menor medida, en todas as unidades de traballo que compoñen o módulo:

Educación moral e cívica.

Educación para a convivencia.

Educación para a paz.

Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos.

Educación para a saúde.

Educación ambiental.

Educación para a competencia dixital.

- Ao longo do curso incidirase na necesidade da orde, limpeza e condicións de seguridade no posto de traballo, co que estamos educando para a Saúde e Calidade de Vida.

- A necesidade de aproveitar os materiais utilizados nas prácticas, así como a reciclaxe de plásticos, papel, cartón, etc., co que estamos a incidir na Educación medioambiental.

- Durante as clases os alumnos debaterán para resolver en conxunto os problemas e cuestións propostas, co cal estaremos educando para a solidariedade, traballo en equipo, respecto polos demais e igualdade de xénero.
- Mediante a busca da eficiencia enerxética de instalacións e equipos estaremos educando nun consumo responsable.
- O alumnado comprenderá que o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación lle permitirá a adaptación ás novas situacións laborais, en tanto en canto, favorece o acceso aos recursos, ás ofertas formativas e ás noticias sobre o mundo laboral e económico que vaian xurdindo ao longo do curso.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Prevéese realizar visita/s a unha estación de tratamento de auga potable (ETAP), a unha estación depuradora de augas residuais (EDAR) e a un tanque de tormenta. Realizarase na clase a preparación previa á/ás visita/s e posteriormente presentarase individualmente un traballo resume da mesma/s. Ademais, tratarase de colaborar e participar nas tarefas que o propio Centro organiza para os alumnos a nivel interno.

10. Outros apartados

10.1) Cuestionarios

Nas primeiras semanas do curso, procederase a realizar unhas cuestións breves do contido xeral do módulo para ter nocións do nivel do alumnado matriculado e así poder decidir as medidas preventivas e/ou correctoras, de foran necesarias.

10.2) Distribución programa de formación centro educativo e empresa

- Actividades a desenvolver na empresa: Unidades didácticas 1 e 2.
- Actividades a desenvolver no centro educativo: Unidades didácticas 2, 3, 4 e 5.
- Titora centro educativo: D^a. Élida Pereiro López

10.3) Observacións

Esta programación é flexible e aberta, polo que pode verse sometida a modificacións en función dos coñecementos previos do alumnado, do ritmo de clase, da heteroxeneidade do grupo, etc.